

## A MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa dos seus deputados **Paula Quinteiro Araújo e David Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro, **Luis Villares Naveira**, o abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 7ª**, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe acometer para a creación dunha rede de regadío na comarca de Xinzo de Limia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En 1996, instada pola Xunta de Galicia como requisito indispensable para acceder o proxecto de regadío, constituíronse as comunidades de regantes en A Limia.

Corno do Monte, Alta Limia, Lamas-Ganade e San Salvador de Sabucedo, legalmente constituídas e coa concesión da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, están á espera da execución das infraestruturas de regadío dende vai anos.

Estamos ante unhas das comarcas nas que temos que apostar polo sector agrícola e gandeiro como piar fundamental, tanto a nivel económico, como social e cultural, polo que debemos de ser conscientes da importancia da estruturación e a modernización dos regadíos.

A pesar da intención por parte do colectivo agrícola de querer estruturar o sector, é a Xunta de Galicia a que non cumpre co seu compromiso de levar a cabo o plan de modernización dos regadíos, chegándose ó paradoxo de sancionar ós regantes con multas de elevados importes, que ano tras ano van en aumento.



O proxecto que conta con tres puntos de extracción de auga e por importe duns 27.000.000€, foi prometido polo actual presidente de a Xunta de Galicia, no ano 2015, e dende aquela solo se realizou un estudo/proxecto por importe duns 500.000€, algo que dende distintas organizacións de agricultores e gandeiros de a comarca de A Limia, lle parece disparatado.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a executar de forma inmediata neste ano 2017 as obras do plan de regadío da comarca de A Limia.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 22/02/2017 17:17:07**

**Paula Quinteiro Araújo na data 22/02/2017 17:17:17**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2017 17:18**  
**Nº Rexistro: 5520**  
Data envío: 22/02/2017 17:18:28.762



**Luis Villares Naveira na data 22/02/2017 17:17:24**